



**RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO**, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A UBICACIÓN EN OURENSE DA SEDE DUNHA EMPRESA PÚBLICA PARA A XESTIÓN DIRECTA DAS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS COA CONCESIÓN FINALIZADA**

Galicia é, xunto con Castela e León, a comunidade autónoma española con maior potencia hidráulica instalada e Ourense é unha das provincias que encabeza a xeración de enerxía hidroeléctrica. Temos unha provincia salpicada de encoros e de pequenos saltos que producen enormes cantidades de enerxía, mediante concesións que explotan empresas privadas, grazas a recurso público como é a auga.

Na provincia ourensá existen actualmente medio cento de encoros xestionados, na súa maioría, por Iberdrola Generación SA, Naturgy Wind SLU e Endesa Generación SA, pero tamén por outras sociedades de menor tamaño como Aprovechamientos Hidráulicos Gallegos SA, Prodes Hidroeléctricos SL ou Energía de Galicia SA. O groso destas concesións outorgáronse, en condicións moi vantaxosas para as concesionarias, entre os anos cincuenta e setenta, aínda coa ditadura instalada no goberno, pero tamén existen expedientes máis recentes, incluso dos anos 2013 ou 2015.

A concesión máis lonxeva será a dos Peares, que se adxudicou no ano 1954 e acabará no 2059. Na actualidade estas concesións teñen un tope máximo legal de 75 anos mais nos expedientes anteriores á aprobación da Lei de Augas do ano 1985, estes prazos podían acadar un século ou incluso a perpetuidade. No caso da nosa provincia, na década comprendida entre 2010 e 2020 expiraron dúas concesións –unha delas solicitou unha prórroga– e na presente década expirará unha máis. Será entre 2030 e 2040 (10 extincións); entre 2040 e 2050 (16) e a partir de 2060 (17) cando rematen a meirande parte destes aproveitamentos millonarios.

Durante a próxima década, no conxunto de España finalizarán as concesións dunha trintena de grandes centrais hidroeléctricas, ás que habería que sumar decenas de pequenos saltos de auga, tamén concesionados para a produción eléctrica, coñecidos como ‘minicentrales’. Estamos ante centos de megavatios –preto dun milleiro– que recibirá o patrimonio do Estado ata 2031 e que poderían ser xestionados directamente a través dunha empresa pública de forma inmediata.

A vicepresidenta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera, expuxo o pasado 12 de agosto nunha entrevista na Cadena SER e noutras entrevistas este mesmo mes de setembro, a posibilidade de crear unha empresa pública que agrupe ás centrais hidroeléctricas cuxas concesións rematen, para a súa xestión directa dentro do marco regulatorio establecido pola Unión Europea. “Sempre me mostrei aberta á posibilidade de que unha empresa pública xestione as plantas hidroeléctricas segundo terminen as concesións. Non me parece unha mala idea”, dixo literalmente.



Non estamos a plantexar nin a compra de bens privados nin a execución de novos investimentos; trátase de agardar a que caduquen as concesións administrativas para que eses bens pasen ao capital público. Son infraestruturas que xa están suficientemente amortizadas e a propia lexislación vixente recolle esta posibilidade. “Ao extinguirse o dereito concesional, reverterán á administración competente, gratuitamente e libres de cargas, cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento”, sinala o Real Decreto 849/1986 polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Na maior parte dos países existían empresas enerxéticas públicas, pero en España tiveron lugar longos procesos de privatización da práctica totalidade da oferta. Aquí tamén tivemos unha empresa pública (Endesa), pero en 1997 xa tiña máis capital privado que público. Sen embargo no resto de Europa non sucedeu o mesmo.

Este tipo de compañías eléctricas de carácter público existen actualmente en Francia, Italia ou Holanda. Incluso nos Estados Unidos. De feito, segundo unha análise da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), 30 das 50 maiores empresas do sector eléctrico a nivel mundial teñen participación pública.

En España acontece incluso a contradición de que Endesa, a maior empresa enerxética privada, está controlada nun 70 % por Enel, empresa cuxo maior accionista é a administración pública italiana. En Francia, o estado é propietario do 83,8% do capital social da compañía de xeración e distribución *Électricité de France* (EDF). O resto do seu accionariado compréndeno representantes institucionais e accionistas individuais, entre os que se atopan os propios empregados e empregadas.

Desde o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos fundamental que este importante recurso natural –aproveitamento do dominio público hidráulico– que xera un ben de primeirísima necesidade –electricidade– poida ser xestionado tamén a través dunha empresa pública. A creación dunha sociedade estatal con activos públicos que actúe en base ao interese xeral, contribuiría á redución dos prezos finais que se aplican aos clientes; á integración das renovables; á estabilidade da produción e á garantía de subministración.

Os e as socialistas defendemos que esta sociedade pública teña a súa sede social, fiscal e operativa en Ourense. Os custos de produción nas centrais hidroeléctricas son moi baixos e, a súa vez, os propietarios e propietarias das concesionarias están a percibir ingresos multimillonarios, grazas a un ben público e ao deseño comunitario do mercado. A explotación dese ben público apenas repercute nas zonas produtoras, como é o caso da nosa provincia. Por iso cremos que é hora de mudar esta situación.

O establecemento desta entidade empresarial na nosa provincia, permitiría crear novos postos de traballo que, co paso do tempo, acadarían un número moi significativo. A tributación da súa actividade no noso territorio e as actividades auxiliares constituídas na súa contorna, serían un importante pulo para un territorio como Ourense, necesitado de



## Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

988 317 993

CIF: G32244345

mellor emprego e máis empresas. Igualmente sería un elemento que axudaría a loitar contra o problema demográfico e que afondaría no compromiso asumido polo Goberno central, de descentralizar institucións desde Madrid a outras provincias do interior, como unha medida para frear o despoboamento da 'España baleirada'.

A lexislación vixente neste ámbito recolle unha figura xurídica que se adapta á perfección a esta situación: a entidade pública empresarial. Estas son entidades de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, que se financian maioritariamente con ingresos de mercado e que, xunto co exercicio de determinadas potestades administrativas, desenvolven actividades prestacionais, de xestión de servizos ou bens de interese público, susceptibles de contraprestación.

Estamos pois ante unha medida moi atractiva a medio prazo que, ademais, se axustaría ao marco regulatorio europeo vixente, ao seguir o modelo doutros países da nosa contorna. Tamén impulsaría a transformación cara a un mercado eléctrico medioambientalmente sostible e un novo mapa enerxético verde descarbonizado, un dos grandes retos globais que temos a obriga de afrontar nas próximas décadas.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao Goberno de España á constitución dunha entidade pública empresarial con sede social, fiscal e operativa na provincia de Ourense, para a xestión directa das centrais hidroeléctricas localizadas en todo o territorio estatal, cuxa concesión administrativa finalice.

En Ourense, 10 de setembro de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**